

Edificio Miralles
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 586
www.uvigo.es
Universidade de Vigo -
estudantes@uvigo.es
Registro Xeral

Saída Nº. 201600000604
09/08/16 14:00:02

RESOLUCIÓN REITORAL DE 9 DE XUÑO DE 2016, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DO I PREMIO RICARDO FERNÁNDEZ-FERRI Á CREATIVIDADE INDUSTRIAL.

Con data 17 de decembro de 2014 asinouse un convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e Industrias Ferri S.A. para o fomento do desenvolvemento científico e tecnolóxico procurando a aplicación práctica do coñecemento dos e das estudantes da Universidade de Vigo en proveito da sociedade. Neste documento acordouse o establecemento do premio Ricardo Fernández á creatividade industrial que Industrias Ferri dota con 3.000€. Á vista do contido deste acordo de colaboración, esta Reitoría

RESOLVE:

- 1.- Anunciar a convocatoria do I Premio Ricardo Fernández - Ferri á creatividade industrial dotado con 3.000 € a cargo de Industrias Ferri, S.A.
- 2.- Establecer un prazo de presentación de solicitudes **até o día 30 de xuño de 2016**.
- 3.- A participación solicitarase no modelo establecido, presentando a documentación requirida tal e como se establece no punto 4 das bases da convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partires do día seguinte á publicación da resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interponer o recurso contencioso administrativo antes mencionado mentres non recaia a resolución expresa do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 9 de xuño de 2016

O REITOR

Por delegación R.R. do 7 de maio de 2014 (DOG 13-05-2014)

A vicerreitora de Estudantes



Dolores González Álvarez
Dolores González Álvarez

Dilixencia para facer constar que esta resolución publícase nos taboleiros de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo, con data de 9 de xuño de 2016
A Secretaría da Vicerreitoría de Estudantes

Inés Morais Fontenla
Inés Morais Fontenla